

ANUNCIO**INCOAR EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DA TITULARIDADE DE CAMIÑO ASADELOS ASADOS**

O Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, na sesión ordinaria do 30.01.2025, aprobou o seguinte ACORDO

PRIMEIRO. Incoar expediente de investigación da titularidade dos seguintes bens ou dereitos:

| | |
|-----------------|----------------------------|
| Ben/é: | CAMIÑO EN ASADELOS, ASADOS |
| Ref. catastral: | 15073A053090070000FA |
| localización | POLÍGONO 53, PARCELA 9007 |

que presuntamente pertencen á Corporación Local e solicitar dos Rexistros que procedan cantos antecedentes e datos consten relativos aos camiño investigados, incorporándose ao expediente as certificacións que se expidan a este efecto.

SEGUNDO. Publicar o acordo de iniciación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no do Municipio de Rianxo; ademais estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Rianxo

Así mesmo expor no taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo no que radiquen os un exemplar dos devanditos boletíns durante un prazo de quince días. Así mesmo,

TERCEIRO. Dar traslado do acordo de iniciación á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma de Galicia para que, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

CUARTO. Notificar aos afectados polo expediente de investigación que resulten coñecidos e identificables.

QUINTO . Abrir trámite de información pública por prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación dos anuncios no taboleiro da Corporación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación poidan alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións.

SEXTO. Finalizado o prazo para presentar alegacións, abrir un período de proba por prazo de 10 días no que serán admisibles os seguintes elementos:

- Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados con arranxo a Dereito.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 705.836 exp. 2024/X999/001696

- O recoñecemento e ditame pericial.
- A declaración de testemuñas.

SEPTIMO Practicadas as probas e valoradas polos Servizos da Corporación, pór de manifesto o expediente ás persoas a quen afecte a investigación e houberen comparecido nel, para que, durante un prazo de 10 días, aleguen o que crean conveniente ao seu dereito.

En Rianxo a 11 de febreiro de 2025

O Alcalde, Julian Bustelo Abuin